

Vibracións arqueolóxicas

GERARDO Rueda é xunto con Tàpies, Torner, Saura ou Mompó un dos máis sobranceiros vangardistas da arte abstracta. Acostúmase incluír no 'grupo de Cuenca', ó que se adscriben ademais Zobel e Torner, por se decantar a prol dunha beleza formal, pola nitidez, polo equilibrio ou pola limpeza dos seus traballos que en ocasións poden resultar puramente decorativos.

Os seus inicios artísticos, como ben nos amosa a sala de exposicións do Auditorio de Galicia, principian na pintura de paisaxes nas que xa intuímos un profundo desexo de romper coa verosimilitude, coa representación do temporal e accesorio para apostar polo precedoiro, polo intemporal e permanente. Proba diso témola no lenzo 'Tejados rojos', no que inevitablemente temos na mente a lembranza de Cézanne. A década dos 50 e de aí en diante, somérxeo na abstracción decantándose polos lenzos monocromos de espacios ferintes en tonalidades verdes, vermellas, azuis, nas que se nos amosa un Rueda en íntima conexión coa vangarda europea. En 'Bascones', 'Azul al límite' prescindiu o autor de calquera pretexto figurativo para traballar coa condición técnica dos materiais, obtendo superficies que viran en amplas e suntuosas. Arredor dos anos 60 as súas masas cromáticas dispóñense ritmicamente sobre a superficie do lenzo ás veces contrastadamente nunha especie de gran cosmos primario, é a época dos seus lenzos de bastidores que en varias ocasións se tinxen de branqueados zurbaranescos simulando portas ou xanelas como vemos en 'Pintura blanca' ou en 'Ermitaño blanco-rojo'.

Se cos seus collages revive o máis puro cubismo coas súas obras en ferro cromado como 'recuerdos de los cielos' amósasenos como un arqueólogo, xa que as súas obras xa benditas e respectadas pola coleccionista como os bodegóns do mellor Sánchez Gálvez e de Jacopo Pontormo. Trátase de un marcado sentido escenográfico buscado e encontrado que Rueda transforma e levándoo a outro contexto: a sala de exposicións. Ó manipular imaxes dadas como xa se viu, vislúmbrese a tensión e o roce entre arte e vida cotiá.